

Déixame ir, mi madre

Déixame ir, mi madre,
bailar ao turreiro,
que quero casarme
con un zapateiro.

Zapateiro, non,
porque malla a sola;
toma un arrieiro
farás mellor voda.

Arrieiro non,
porque vai e vén;
quero un barbeiriño
que ma afeite ben.

Barbeiriño non,
porque fai a barba;
toma un alfaiate
que che corte a saia.

Alfaiate, non,
que é moi cobizoso;
quero un estudante
que é máis amoroso.

Estudante, non,
que é moi cumiñán;
toma un sembrador
que sembre o pan.

Sembrador, non quero,
que ten moita vida;
quero un ferrador
ao uso da vila.

Ferrador, non queiras
porque ferra a besta;
toma un cesteiriño
que che leve a cesta.

Cesteiriño, non,
sempre está petando;
quero un frade lego
Dos de San Bernardo.

Mother, let me go

Mother, let me go
Dance to the fair
Because I want to marry
A shoemaker.

Not a shoemaker,
Because he hits the soles
better marry a muleteer
The wedding will be better.

Not a muleteer,
Because he comes and goes
I prefer a barber
To be well shaved.

Not a barber,
'cos he cuts too much
Take a tailor
Who cut a skirt for you

Not a tailor
'cos he's very ambitious
I want a student
He's more loving

Not a student.
'cos he's very greedy
Take a sower
Who sow the bread

I don't want a sower
He has too much experience
I want a blacksmith
As in the villages

Don't take a blacksmith
'cos he shoes the beasts
Take a basket maker
Who carry your basket

Not a basket maker
He's always beating
I want a secular friar
One of Saint Bernard's